

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso, Xosé Manuel Beiras Torrado e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, en relación á discriminación nas aulas da universidade pública galega e a aplicación da lei mordaza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O profesor Domingo Neira, titular na facultade de Ciencias da Educación na USC, foi obxecto dunha protesta a finais de 2013 polos seus graves comentarios machistas e homófobos nas aulas, así como polo contido, de similares características nas lectura obrigatorias da súa materia, contidos en textos da súa propia autoría.

A de 2013 non foi a primeira ocasión na que Domingo Neira era protagonista de episodios semellantes, mais saíu indemne. Comentarios da altura de "os homosexuais carecen de hombría", "a homosexualidade é conxénita" ou "a única penetración válida é a coño-pollal" (sic) foron as que provocaron que, previo balbordo mediático, fose cesado na súa actividade docente. Pero o que a USC vendeu como unha vitoria pola igualdade, resultou non ser máis que unha cortina

de fume, pois retornou á súa cadeira na Universidade en apenas dous meses e sen emendar a súa actitude.

Ante esta situación, en maio de 2015 un grupo de estudantes denunciaron a readmisión desta persoa, mediante unha protesta pacífica ao finalizar unha das aulas de Neira, que rematou en intervención policial no campus e sancións en aplicación da lei mordaza. O feito é que hoxe, por supostas desordes públicas, tres das estudantes que participaron na protesta están encausadas e a fiscalía pide cinco meses de prisión para cada unha delas.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta ten que realizar unha lectura política e actuar en favor da xustiza social social. A este fin, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a garantir a libre expresión do movemento estudantil, a posicionarse contra a súa criminalización coa aplicación da lei mordaza en sede universitaria e a interceder solicitando a retirada da denuncia sobre as estudantes.

2º) O Parlamento de Galicia empra a Xunta de Galicia a mediar coa Universidade de Santiago de Compostela para que articule os medios preventivos e endureza a política de sancións de cara a acadar a erradicación das actitudes discriminatorias nas aulas, especialmente nos casos reincidentes.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 02/06/2016 12:49:27

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/06/2016 12:49:34

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 02/06/2016 12:49:41

Ramón Vázquez Díaz na data 02/06/2016 12:49:47

Anton Sánchez García na data 02/06/2016 12:49:55

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/06/2016 12:50:01